


DIARIO DE APRENDIZAXE

CÁLCulo olímpico

Educación Dixital |
3º ESO



Nome:

Materia: Educación Dixital

Curso: 3º ESO

Grupo:

Índice

INSTRUCCIÓN.....	2
FASE 1: Motivación.....	3
FASE 2: Quecemento.....	5
FASE 3: Adestramento.....	6
FASE 4: Campionato.....	8
FASE 5: Podio.....	10

INSTRUCCIÓN

A idea deste diario de aprendizaxe é que, ademais de ser un *portfolio* individual, contribúa ao traballo colaborativo por medio dunha posta en común despois de que cubras cada unha das súas fases.

Deberás cubrir cada apartado deste diario de aprendizaxe seguindo as instrucións que se facilitan na unidade de traballo.

O diario de aprendizaxe servirache de axuda para:

- **Reflexionar** sobre a túa aprendizaxe.
- **Autoavaliarte.**
- **Compartir información** cos teus compañeiros e coas túas compañeiras de grupo.
- **Conseguir o reto proposto.**

Ao longo deste diario de aprendizaxe atoparás actividades individuais e actividades grupais, para as que se emprega a seguinte lenda de cores, co fin de facilitar a súa diferenciación:

- Actividades individuais.



- Actividades grupais.



FASE 1: Motivación

Descubrir: Inscripción

Título da actividade: **Momento de reflexión**

Motivación previa

Antes de comezar co traballo sería interesante reflexionar e contestar algunhas preguntas no teu diario de aprendizaxe.


Invitámoste a que **investigues e reflexiones** un pouco sobre elas. Despois, debes escribir as túas respostas:

1. Buscaches con anterioridade a diferenza entre datos e información?

...

...

...




2. Pon algún exemplo de datos.

...

...

...




3. Converte os datos do exemplo anterior en información.

...

...

...




4. Pon algún exemplo de actividades que fas a diario e que levan aparelada unha gran cantidade de datos.

...

...

...




Proposta de reto

1. Pensas que será útil empregar unha folla de cálculo para xestionar os datos dunha competición de atletismo? Por qué?

...

...

...




2. Que che parece o reto proposto? Tes curiosidade por traballar con moitos datos para extraer información deles?

...

...

...




3. Indica que farás ti para conseguir superar o reto e favorecer o traballo en equipo.

...

...

...



É **importante** que, unha vez teñas respondidas estas cuestións, ti e o teu grupo, **poñades en común estas reflexións**, xa que poden servirvos de axuda para avanzar na resolución do reto.

Diario Común: agora, anota as conclusións ás que chegastes no grupo, despois da posta en común. Que tedes que facer? Como ides acadar o reto?

...

...


...

...

...

...

...



FASE 2: Quecemento

Nesta fase traballaches algunhas das operacións básicas para o manexo dunha folla de cálculo. Tamén participaches cos outros membros do teu equipo na toma de decisións para levar a cabo o reto e puideches ver a folla con todos os datos cos que traballaredes. Agora adicarás un tempo a reflexionar sobre o que aprendiches.


Que che pareceron as actividades propostas sobre o manexo básico da folla de cálculo?

Resultáronche difíciles?

...

...

...




Recordabas como facer algunha destas tarefas de cursos anteriores?

...

...

...




Como foi o traballo co teu equipo? Chegastes a acordos sobre o reparto do traballo e como organizar os vosos ficheiros para poder compartilos?

...

...

...




Diario Común: agora anota as conclusións ás que chegastes no teu grupo despois da posta en común sobre as actividades de manexo básico de folla de cálculo. Anota tamén as túas conclusións sobre a repartición de traballo no teu grupo.

...

...

...

...



...


...

...



Despois da posta en común co resto dos membros do teu grupo, valora os seguintes aspectos empregando a seguinte escala:

1 = pouco // 2 = suficiente // 3 = bastante // 4 = moito

									
Ítem	1	2	3	4					
As actividades sobre a folla de cálculo foron sinxelas.									
Entendín as propostas dos membros do meu equipo.									
Fago achegas e axudo ao meu equipo co reto.									
Creo que o traballo en equipo axuda a conseguir superar o reto.									

FASE 3: Adestramento

Agora que xa sabes cal é o reto e cales son as túas tarefas, imos por el!

En primeiro lugar, tes que pensar nos coñecementos que precisas para acadar o reto.

Unha vez identificados, pensa nas dificultades que presenta o reto e nas tarefas que che corresponden. É importante identificar estes pequenos problemas e o xeito de resolvelos buscando, entre todo o grupo, a axuda que precisades.

Ademais, **identificarás as túas habilidades compartíndoas co resto do grupo**, xa que sodes un equipo e, xuntos, superaredes as dificultades.

Investigar (Traballo individual)

1. Que aprendiches sobre o formato e as operacións con celas?

...

...

...




2. Que parte do manexo básico che pareceu máis confusa, e cal máis sinxela?

...

...

...




3. Que función che resultou máis útil para analizar os tempos dos atletas?

...

...

...




4. Houbo algunha función que non terminaches de comprender e que poderías practicar máis?

...

...

...




5. Que tipo de gráfica che pareceu máis axeitado para representar os resultados dunha proba atlética?

...

...

...




6. Que dificultades atopaches ao crear ou modificar as gráficas?

...


...

...



Diario Común: agora anota as conclusións ás que chegastes no grupo despois da posta en común.

...



...

...

...

...



FASE 4: Campionato

Acabas de completar o reto! Agora xa coñeces a ferramenta Libre Office Calc e xa es capaz de traballar cun conxunto de datos, aplicando cálculos e funcións para obter información de utilidade e representala mediante gráficas.

Ademais, esta aprendizaxe non queda aquí. Poderás empregala noutras materias ou en tarefas cotiás, resolvendo situacións similares.

Valorar

1. Como valoras a ferramenta LibreOffice Calc?

...

...

...



2. Que dificultades atopaches, de maneira individual, para resolver o reto?

...

...

...



3. Que dificultades atopaches no traballo en grupo para resolver o reto?

...

...

...




4. Que é o máis importante que aprendiches ao longo do reto?

...

...

...




5. En que outra situación poderías aplicar o aprendido neste reto? Indica algún exemplo real.

...

...

...




6. Que é o que máis che gustou do reto?

...

...

...




7. Que é o que menos che gustou do reto?

...

...

...




Diario Común: comenta, co resto dos membros do grupo, as túas respostas neste apartado. Esta posta en común serviravos para comparar as diferentes visións sobre como lograstes acadar o reto final.

...

...

...

...



FASE 5: Podio

Chega o momento de ver que fixeron o resto de grupos e de analizar as súas solucións para conseguir superar o reto. Despois de que cada grupo expoña o seu informe final, valora o seu traballo empregando a seguinte táboa:

	Especialista	Profesional	Principiante
Organización	O contido está ben organizado e maquetado. A simple vista compréndese claramente o que está representado no informe. (2.0)	O contido está organizado ou maquetado. Compréndese axeitadamente o que está representado no informe (1.0)	O contido non está suficientemente organizado e maquetado, e non se comprende o informe (0.5)
Deseño e gráficas	O deseño está coidado e o acabado é orixinal. As gráficas están ben elixidas e son claras. (2.0)	Ten partes creativas e orixinais, pero o deseño é común. As gráficas poderían mellorarse(1.0)	O deseño presenta formas comúns e pouco creativas. As gráficas non son axeitadas (0.5)
Resultados	Interpretan ben os datos, e os resultados son coherentes e teñen rigor. (2.0)	Interpretan os datos, pero os resultados poderían explicarse mellor (1.0)	Non se analizan os datos, ou as conclusións non son claras (0.5)
Traballo en equipo	Todos os membros do grupo participan de forma equilibrada (2.0)	Todos participan, aínda que un fala máis co resto (1.0)	Hai algún membro do grupo que non participa (0.5)
Explicación	A explicación foi clara, permitiu comprender mellor a información presentada nas táboas e gráficas. (2.0)	Explican axeitadamente, aínda que ás veces dubidan ou len demasiado (1.0)	Enténdese pouco, ou non se expón ben o traballo (0.5)


Diario Común: comenta, co resto de grupos, as puntuacións deste apartado. Esta posta en común serviravos para analizar as diferentes visións que tendes sobre como desenvolvestes as tarefas ata conseguir o reto final. A continuación, anota un resumo das conclusións xerais:

...

...

...

...



...

...



“Diario de aprendizaxe: CÁLCulo olímpico”, do proxecto *cREAgal*, publícase con [Licenza Creative Commons Atribución Non-comercial Compartir igual 4.0](#)

Os símbolos pictográficos utilizados son propiedade do Goberno de Aragón e foron creados por Sergio Palao para [ARASAAC \(http://www.arasaac.org\)](http://www.arasaac.org), que os distribúe baixo [Licenza Creative Commons BY-NC-SA](#).